

Día Movemento Viño D.O. 2022: o 22 de outubro, un gran brinde pola diversidade e pola sustentabilidade das DDOO

O sábado 22 de outubro, ás 13.30h, 36 Denominacións de Orixe de viño de España organizan un brinde colectivo e simultáneo en lugares emblemáticos dos seus respectivos territorios para achegar o concepto D.O. ao consumidor, destacar os valores que hai detrás do viño con D.O. e divulgar por que as DDOO considéranse ferramentas de sustentabilidade nos seus territorios.

Celebrar, divulgar e reivindicar son os obxectivos do Día Movemento Viño D.O., unha acción que naceu en 2017 e que este ano, na súa sexta edición e baixo o lema "Denominacións de orixe, territorios sostibles", volve á presencialidade o próximo 22 de outubro, tras o obrigado tránsito dos dous últimos anos polo mundo en liña. E faino ao grande, congregando ao maior número de Denominacións de Orixe de Viño que participaron neste evento ata a data: **36 Denominacións de Orixe**, superando as 29 que se deron cita en 2019, que organizarán diferentes actividades no seu territorio cun **brinde colectivo e simultáneo como acto central, ás 13.30h (ás 12.30h, en Canarias) do sábado 22 de outubro.**

A **D.O. Ribeira Sacra** súmase este ano á acción desde o albergue Aida Sara Menéndez Lorenzo en Diomondi, en pleno Camiño de Inverno. No 2019 levou aos participantes no Día Movemento Viño DO a un catamarán sobre o Sil para celebrar o brinde.

O **Día Movemento Viño D.O.** ten moito de festivo e moito de reivindicativo. É que se trata dunha acción para celebrar que, en moitos territorios de España, desde hai décadas, os e as viticultores e viticultoras e as adegas decidiron unirse para decidir como protexer un patrimonio colectivo, en forma de condicións naturais e dun saber facer local e contrastado ao longo do tempo que fan que as uvas e os viños das súas zonas sexan únicos e diferentes ao resto e teñan unha calidade recoñecida vinculada a unha orixe concreta. Iso é unha D.O. E á vez, estamos ante unha iniciativa que este ano se vai centrar tamén en reivindicar que, desde o seu nacemento, as Denominacións de Orixe demostraron ser ferramentas de sustentabilidade nos seus territorios, en tanto que un colectivo de agricultores e agricultoras e de empresas que constitúe unha panca de cambio e que demostraron a súa resiliencia e a súa capacidade de adaptación ao longo dos anos a base de intelixencia colectiva e de asunción de compromisos e responsabilidade que contribúen a facer máis fortes e máis dinámicos aos seus territorios e ás súas xentes.

